



## Concello de A Pobra do Caramiñal

---

**Expediente:** 228/2018

**Asunto:** Revisión de oficio das licencias de obras 1/2006 e 2/2006 outorgadas a Dna. Carlota Sanisidro Dieste para a construción dunha vivenda unifamiliar

### PROPOSTA DE ACORDO

**Visto** que en data 10 de xaneiro de 2006, a Xunta de goberno local deste concello acordou outorgar as licencias de obras n.º 1/2006 e 2/2006 relativas á construción en dúas fases dunha vivenda unifamiliar na rúa Ribeiriña deste concello.

**Considerando** que a citada obra foi obxecto de múltiples denuncias veciñais e paralizacións da obra vinculadas a que a execución das mesmas non se axustaba ao planeamento urbanístico vixente naquel intre, e que desembocaron nun preito ante a Xurisdición Contencioso-Administrativa na que, como feito probado mediante as testificais oportunas, queda probado o erro na concesión da licenza toda vez que o informe técnico do servizo urbanístico non advertiu que a edificación proxectada non cumpría co retranqueo ao lindeiro posterior mínimo.

**Considerando** que en vista do anterior, en sesión plenaria ordinaria de data 25 de xaneiro de 2018, o Pleno da Corporación acordou o inicio dun procedemento de revisión de oficio das licencias outorgadas por entender que as mesmas adoeceía dun vicio de nulidade.

**Vistas** as alegacións presentadas e o informe-proposta da Secretaría municipal

Por todo o anteriormente exposto, propónse a adopción da seguinte proposta de acordo e a súa remisión ao Consello Consultivo de Galicia para a emisión do preceptivo ditame:

**PRIMEIRO.** Desestimar as alegacións presentadas por D. Manuel Sabín Sabín e Dna. Carlota María Sanisidro Dieste, en relación co expediente de revisión de oficio do acto administrativo revisión de oficio da Licenzas urbanísticas nº 1/2006 y 2/2006.

**SEGUNDO.** Declarar nulo de pleno dereito o acordo da Xunta de Goberno Local de data 10 de xaneiro de 2006, mediante o cal se outorgaron as licencias de obras n.º 1/2006 e 2/2006 relativas á construción en dúas fases dunha vivenda unifamiliar na rúa Ribeiriña nº14-A, parroquia de Posmarcos, deste concello a nome de Dna. Carlota María Sanisidro Dieste.

A decisión fundaméntase, en base ao recollido no artigo 47.1.f) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, en que a concesión de ambos títulos xurídicos habilitantes outorgaron un dereito á solicitante para o cal carecía dos



## Concello de A Pobra do Caramiñal

---

requisitos esenciais para a súa adquisición, posto que non respectaba os retranqueos recollidos no planeamento

**TERCEIRO.** Suspender o prazo de resolución do presente procedemento, polo tempo que medie entre a petición do preceptivo informe ao Consello Consultivo de Galicia e a recepción do mesmo, o abeiro do recollido no artigo 22.1.d) da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

**CUARTO.** Notificar aos interesados a declaración de nulidade do acto administrativo revisión de oficio das licencias urbanísticas nº 1/2006 y 2/2006 a nome de Dna. Carlota María Sanisidro Dieste

O Alcalde

asinado dixitalmente ao marxe